

# FERVENZAS DO CASÓN E POZO DO INFERNO

28 OUTUBRO 2023

Club de Montaña O Carroucho

[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)



A ruta do Casón é un itinerario circular de uns 21 km e dificultade moderada, que discorre pola parroquia de Santo Adrao de Veiga, partindo do Lugar de Casón. Algún tramo do itinerario é compartido ca ruta Camiño de Mera e co camiño de peregrinaxe a Santo André de Teixido, A ruta ascende próxima ao regato do Casón. O seu percorrido bordea o monte Casón, antiga torrevixía altomedieval.

Aínda que só quedan algunhas pedras do recinto apréciase a estrutura do castelo, grazas a un panel de interpretativo. A vexetación varía dependendo da altitude e da humidade. Destaca a gran variedade de fentos que se dan nas zonas máis húmidas, primando o real e algunha reliquia da Era Terciaria como o fento de cume. O Castelo do Casón tamén serve de miradoiro pois, dende él gózase dunha das mellores vista da ría de Ortigueira.

O castelo do Casón é un estrutura con restos de muralla e fosos situada no alto denominada o Castelo do Casón (291 m) , nun brazo da serra da Capelada franqueada polos ríos do Casón e Landoi que domina a vista sobre a ría de Ortigueira. De carácter defensivo e de vixiancia.

O Castelo que data de finais do século IX e principios do X, conserva tres recintos amurallados, a torre, o patio adosado a torre e o patio exterior, ademáis dun foso.


Acerca das defensas artificiais do lugar, estás sirviron de refuxio a poboación que habitaba un val rico en explotacións agrícolas, gandeiras e, sobre todo, marisqueira, sendo todo elo próximo a costa litora, ruta de acceso dos piratas. Hasta la primera excavación ,1998 e 2000, o castelo era considerado como castro,pero grazas ao hallazgo dun restos cerámicos, precisouse con detalle que este castelo foi construído na Alta Idade Media. Nesta excavación de 1998 tamén constuíuse un miradoiro con vistas a ría informativa das características do xacemento



arqueolóxico. Na seguinte excavación realizada, fíxose unha limpeza integral da superficie e definiuse a planta rectangular da fortificación.

Ademáis no percorrido hai outro miradoiros que merece a pena salientar coma o Miradoiro da Mesa.

En resumidas contas, visitaremos espectaculares fervenzas coma a do Pozo do Inferno e a Fervenza do Casón e Miradoiros espectaculares dende onde veráse panorámicas impresionantes da Ría de Ortigueira coma o Miradoiro da Mesa e a do Castelo do Casón, e a nota etnográfica estará a cargo do Curro da Capelada. Unha ruta chea de alicientes.



## DATOS BÁSICOS

**COMEZO:** Feás  
**REMATE:** Feás  
**DISTANCIA LINEAL:** 21 km  
**DURACIÓN APROXIMADA:** 6 horas  
**DIFICULTADE:** Media  
**DESNIVEL POSITIVO:** 641 m  
**DESNIVEL NEGATIVO:** 641 m

## PRÓXIMA RUTA:

**SUBIDA AO MONTE DA MURALLA**

**18 NOVEMBRO**